



SESIÓN DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 23 de maio de 2017

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

Lista de Asistentes

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN
D. ARGIMIRO SERÉN MERA
DONA PAOLA MARIA MOCHALES
D. LINO MOURIÑO SANTIAGO
D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN
DONA LUZ MARIA ABALO PEREZ
DONA SONIA OUTÓN CASAL

Lista de no Asistentes

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA ACCIDENTAL

DONA ROSA M^a OTERO PIÑEIRO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 23 de maio de 2017 reuníronse na Sala de Xuntas, previa a oportuna citación e en segunda convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 15/05/2017, que se aprobou por unanimidade.

Propostas

ASUNTOS DE REXIME INTERIOR

PRP2017/2288

Vista a proposta do Axudante-Encargado de Obras, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar os seguintes orzamentos con motivo da reparación dunha tubaxe de saneamento na Rúa Sobrán, Faxilde, por un importe total de 1.090,8 €, coa seguinte desagregación:

Con cargo á partida 453.210, por importe de 326,32 €:

- Aridos del Umia, S.A., 2 m3 de formigón: 180,63 €
- Enrique Manuel Rodríguez Barreiro, S.L., 26,4 mallazo: 60,69 €
- Áridos del Umia, S.A., 12,50 m³ de zavorra: 92,26 €

Con cargo á partida 161.210:

- Juan Antonio Gándara González, 42 ml. Tubo saneamento tella 315 SN-2, por importe de 757,22 €.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2289

Dáse conta da sanción imposta pola Xefatura de Tráfico ao vehículo adscrito ao Servizo de Xardíns, matrícula PO-8852-BT, por non levar placas de matrícula no remolque en forma establecida.



A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda o recoñecemento de obriga a favor da Dirección General de Tráfico, polo importe de 100,00 € correspondente ao aboamento da citada sanción (expte. 36-005-326.539-8), con cargo á partida 929.22699.

PRP2017/2320

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **CLECE, S.A.** para o servizo de limpeza dos sanitarios portátiles que se instalarán durante as festas de Santa Rita, do 19 ao 22 de maio no Parque Miguel Hernández e na Zona do Parque de A Xunqueira, por un importe total de 275,37 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22700.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2321

Vista a proposta da Concellería de Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **BAYGAR, S.L.** para o aluguer de catro sanitarios durante as Festas de Santa Rita, a instalar no Parque Miguel Hernández e zona do Parque de A Xunqueira, por un importe total de 278,30 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2331

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por **Bañosprint, S.L.** para a rotulación de dous autobuses VAI BUS +, por un importe total de 3.950,65 € (IVE incluído), con cargo á partida 134.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2017/2359

Vista a proposta do Enxeñeiro Xefe en Informática, a Xunta de Goberno Local acorda adjudicar á Empresa **Ambiser Innovaciones, S.L.** o servizo de hosting videoacta do 1 de xuño ata o 31 de decembro de 2017 para poder aloxar, xestionar e publicar as videoactas, por un importe total de 598,95 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22699.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

ASUNTOS DE TURISMO E MEDIO AMBIENTE

Turismo

PRP2017/2309

Vista a proposta da Concellería de Turismo acordase a contratación coa Consultoría de propiedade industrial e intelectual **Ungría, Patentes y Marcas, S.A.**, para a suscripción da marca "Perla de Arousa" en clase 16 (antes Vilagarcía Perla de Arousa), de conformidade coa oferta presentada:

- Honorarios: por importe de 591,22 €, con cargo á partida 432.22699.



- Taxas certificado do título: por importe de 210,00 € con cargo á partida 432.22500.

Acórdase así mesmo o endoso das taxas, por importe de 210,00 € a favor de Ungría, Patentes y Marcas, S.A. para o pago á Oficina Española de Patentes e Marcas en concepto do rexistro da marca.

Medio Ambiente

PRP2017/2310

Dáse conta de proposta da Concellería de Medio Ambiente dando conta de remisión dun correo pola Empresa ANCARIA, contratada pola Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia e Sogama, no que comunican a posta en marcha dunha campaña de concienciación cidadá sobre a recollida selectiva de reciclaxe.

A Xunta de Goberno Local acorda autorizarlle para a instalación dun trailer informativo na Praza da II República o día 30 de maio, en horario de 16:00 a 20:00 horas.

Dar conta á Policía Local e Departamento de Electricidade.

PRP2017/2311

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar as bases que rexerán a participación por sorteo nas rutas marítimas no galeón Illa de Cortegada polo contorno do Arquipélago de Cortegada durante o verán do presente ano 2017.

ASUNTOS DE POLÍTICA DE IGUALDADE

Muller e persoas maiores

PRP2017/2313

Vista a proposta da concellería das Persoas Maiores, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adhesión do Concello de Vilagarcía ao programa Depotermal 2017 da Deputación Provincial de Pontevedra. Debendo rexistrar cada solicitude das persoas empadroadas no formulario web que a institución provincial habilitará para que se cubran as/os profesionais responsables dos concellos e determinar que usuarios/as se beneficiarán daquelas prazas reservadas para persoas en situación de vulnerabilidade.

ASUNTOS DE CULTURA

PRP2017/2317

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o gasto correspondente á actuación da Orquestra Sinfónica de Galicia (**Consortio para la Promoción de la Música**) o día 1 de xuño, por un importe de 3.700,00 € (IVE incluído), con cargo á partida 334.22609.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

E sen máis asuntos que tratar, ás 12:30 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.